

Materia: Xeografía e Historia de Galicia 2º Bacharelato

9ª Quincena: As características físicas do relevo galego: A formación do relevo

Exercicios auto-avaliábeis

1. Cal é a consecuencia principal da incidencia da Oroxenía Alpina sobre o relevo?

2. Define as seguintes palabras:

Oroxenia Herciniana

Horst

Val glacial

Ría

Anticlinal

3. A auga é o principal axente erosivo do relevo. Mais non sempre actúa nas mesmas condicións. Completa o seguinte cadro relacionando os tipos de modelado coas forma de erosión e o estado en que actúa a auga.

Modelado

Formas de erosión

Estado da auga

Fluvial

Glaciar

Kárstico

Litoral

4. Cita as unidades en que podemos dividir o litoral galego e inclúe unha característica de cada unidade.

5. En que aspectos condiciona a presenza das Serras Setentrionais e Occidentais o conxunto xeográfico galego?

6. Sinala dous aspectos que singularicen as Serras Orientais.

Materia: Xeografía e Historia de Galicia 2º Bacharelato

9ª Quincena: As características físicas do relevo galego: A formación do relevo

Respostas Exercicios auto-avaliábeis

1. A principal consecuencia da Oroxenia Alpina vai ser o reaxustamento do relevo a favor da rede de fracturas hercinianas. Prodúcese movementos verticais de bloques, nuns casos afunden formando fosas (graben) noutros casos os bloques son erguidos (horts). Este proceso dá orixe aos eixos das futuras rías, ás bacías terciarias e ás serras.

2.

Oroxenia Herciniana: Conxunto de procesos de orixe tectónica desenvolvidos en varias fases e que afectaron a Galicia durante o final da Era Primaria.

Horst: Bloque erguido delimitado por fallas. Morfoloxicamente constitúe unha zona elevada.

Val glacial: Val sometido á erosión dun glaciar. Presenta forma en U con ladeiras escarpadas e val de fondo chan.

Ría: Val fluvial asolagado en parte ou na súa totalidade polo mar. Na súa formación interviron factores como a acción da tectónica, procesos de subsidencia e a acción erosiva dos ríos.

Anticlinal: Pregamento convexo pola acción de forzas compresivas. Os estratos aparecen inclinados en sentido contrario a partir dun eixe central.

3.Modelado	Formas de erosión	Estado da auga
Fluvial	Física	Líquido
Glaciar	Física	Sólido
Kárstico	Química	Líquido
Litoral	Físico-Química	Líquido

4.

Diferenciamos dous grandes conxuntos: Litoral cantábrico e Litoral atlántico

Litoral cantábrico

Entre Ribadeo/Burela: costa rectilínea con escasos entrantes.

Entre Burela/ Cabo Ortegal: Sucesión de entrantes e saíntes (Ría de Viveiro, O Barqueiro).

Litoral atlántico

Ortegal/ Cedeira: Presenza de cantís.

Cedeira/ Ferrol: Costa homoxénea, con presenza de lagoas litorais (Frouxeira, Valdoviño).

Ferrol/ A Coruña: Sucesión de entrantes e saíntes (rías de Ferrol, Ares, A Coruña).

A Coruña/ Fisterra: Costa rectilínea.

Fisterra/ Ría de Vigo: Morfoloxía diversa, protagonismo das rías.

Baiona/ A Guarda: Costa rectilínea.

5. Principalmente en dous aspectos: na distribución das precipitacións e na estruturación fluvial do territorio.

6. As formas máis agrestes e con maiores pendentes froito da acción da tectónica. Outro aspecto destacábel é a diversidade litolóxica. A alternancia de materiais litolóxicos permitiu a aparición dun relevo de tipo apalachense.